



## TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

**Nome do plan:** Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na Almuzara, concello de Boborás

**Promotor:** Concello de Boborás

**Órgano substantivo:** Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

**Expediente:** 2019AAE2320

**Código web:** 2197/2019

O día 08/04/2019 recibiuse na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un escrito do Concello de Boborás no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na Almuzara, concello de Boborás*. Acheaba a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Mediante o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o Regulamento que desenvolve a dita Lei.
- 2 A modificación puntual dun plan xeral de ordenación municipal debe someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada en virtude do disposto nos artigos 46.2.a) e 83.5 da Lei 2/2016.
- 3 Conforme co indicado no artigo 78.4.b) da Lei 2/2016, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses. Entre os órganos que haberá que consultar estará o competente en materia de urbanismo.
- 4 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; Decreto 177/2016, do 15 de decembro; Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia).

## ACÓRDASE:

**Someter a consulta pública** na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de 2 meses** o documento ambiental estratéxico e o borrador da *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na Almuzara, concello de Boborás*, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico.

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).



As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: [avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal](mailto:avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal)
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica ([https://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT\\_Avaliacion\\_ambiental](https://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental)) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019